



Sección Sindical CIG-PEUGEOT-CITROEN

REUNIÓN

DIRECCIÓN-COMITÉ 26/01/09

No día de hoxe foron tratados os documentos-borrador entregados na reunión anterior:

PRODUCCIÓN 2009 e MEDIDAS .

Calendario.- Manteñen a provisionalidade do mesmo, formalizando unha comisión de seguimento mensual. Para o mes de febreiro propoñen establecer as xornadas do 26 e 27 a cargo dos días de disfrute individual establecidos no Convenio. A **C.I.G.** sigue defendendo a petición de manter 1 día de disfrute individual. .

Vacacións.- Están buscando a posibilidade de poder atenuar este impacto. Como sabedes pedimos cando menos 3 semanas de vacación en verán.

Bolsa de Horas.- A Dirección concreta en:

- a) Que a Bolsa se incremente ate 30 días tanto en negativo como en positivo, con recuperación individualizada.
- b) Recuperación: En caso de estar en saldo negativo, utilizar unha parte das horas que en exceso se poideran facer, ben sexan en sábados, ou alongamento de xornada (sempre de xeito voluntario). En caso de sábados o 75% sería retribuído como na actualidade, e o 25% restante iría para a Bolsa con un incremento do 25 %, ou sexa, 15 minutos máis por hora. Sobre este tema, si ben podemos entender un maior endebedamento pasando de 20 a 30 días, non o vemos justificado para facelo no sentido contrario, como tampouco que a recuperación supere os actuais 7 días.

Prolongación de xornada.- A Dirección propuxo que os traballadores/as queden a recuperar produción máis ala da súa xornada. A **C.I.G.** non ve a necesidade de obrigar os traballadores/as a un alongamento da súa xornada. A Dirección deixa aberta a posibilidade de buscar alternativas.

Quendas de apertura reducida.- A Dirección concreta que para poder ter no Sistema II carga de traballo para 191 días, poríanse en marcha quendas de apertura reducida:

- a) No mes de abril, a quenda "B" estaría composta por traballadores/as que teñan o Contrato Relevo ou simplemente fixos de 4 horas. A xornada sería de 6'45 horas, incluído o bocadillo.
- b) A segunda fase, prevista para despois de vacacións poríanse en marcha nas dúas quendas A e B.

Xubilados Parciais.- A **C.I.G.** reitera a necesidade de desbloquear esta situación. A Dirección esta esperando que dende instancias da Administración se arbitren medidas.

Traslados.- Sobre este proceso organizativo que se vai a dar nos talleres a **C.I.G.** reiterou a súa petición de que se respecten os criterios de, antigüidade, limitacións médicas, profesionais así como a conciliación.

Novas Medidas.- A adopción de futuras novas medidas, para a **C.I.G.**, deben pasar por un acordo co Comité.

PROFESIONAIS.- A respecto do Documento-Borrador presentado pola Dirección sobre este colectivo, manifesta que habendo recibido aportacións o respecto na próxima reunión traerá un documento actualizado. A **C.I.G.** despois de haber discutido dito borrador con este colectivo, estas foron as aportacións que lle fixemos chegar a Dirección:

PROFESIONAIS (Proposta da C.I.G)

De consolidar o peche da quenda de noite evidentemente este colectivo veríase afectado, por elo e tendo en conta o interes de ámbalas partes en evitar saídas traumáticas, e sendo conscentes que poría en risco a desprofesionalización, consideramos imprescindible:

1.-Rescate de aquelas actividades propias destes servizos de Mantemento que na actualidade están externalizados para permitir un menor impacto.

2.-Sobre os Criterios expostos no Documento, mantemos a nosa discrepancia, xa exposta na Negociación Colectiva, onde a "entrevista individual" (agora obligatoria), veñen contemplados conceptos subxectivos onde o entrevistador determina o grado de competencia, o marxe da categoría recoñecida. Para a **C.I.G.**, a cualificación profesional ven dada pola posta en práctica no traballo da formación recibida e non por facer máis ou menos suxerencias (por exemplo).

3.-En coherencia, nestes posibles cambios deben ser respectadas as categorías e antigüidade na mesma.

4.-Seguir optando os cursos de formación continua da súa especialidade.

5.-Esta mobilidade funcional dos profesionais de oficio, será sempre dentro de outras actividades superiores o nivel 8.

6.-Entenderíanse estes cambios como coxunturais. Na medida que se produzan vacantes nestes talleres, estes traballadores/as terían preferencia a reincorporarse na súa actividade profesional.

Sábado 23/01/09

*Deberíamos rematar eiqui esta información, pero unha vez máis somos sorprendidos. Non é serio que namentras celebramos unha reunión coa Dirección na busca de medidas para afrontar esta situación, simultáneamente no día de hoxe no Sistema II xa se estea procedendo o informar os traballadores/as dos cambios que por "sorteo" son desprazados a outros talleres ou quendas. Para a **C.I.G.** esta claro, calquera cambio que se realice con anterioridade a un posible acordo Dirección-Comité, ademais dunha falla de respecto unha posible ilegalidade.*

Confederación Intersindical Galega